




XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA**



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CRTVG, S.A E A CONSELLERÍA
DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar coa Consellería de Cultura, Educación e Orientación Universitaria da Xunta de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro anos dende o seis de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:
establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Orientación Universitaria e a CRTVG

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O establecemento dun programa de formación para o alumnado que curse Formación Profesional, que se desenvolverá na sede da CRTVG, para impulsar un sistema de formación profesional dual que favoreza e complemente a adquisición de competencias profesionais dos alumnos.

Tamén, na colaboración da CRTVG nun programa de formación do profesorado, co oportuno apoio técnico e loxístico, así como na promoción e difusión da formación profesional nos medios públicos.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.